

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 14 DE OUTUBRO DE 2.011

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e corenta e catro minutos do día 14 de outubro de dous mil once, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Pardo Lombao, José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román, asistidos polo Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita e pola Interventora, dona Martina Manteiga Fulgueira, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

María Begoña Seco Varela incorpórase durante o debate do segundo punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DE DATA DE 11 DE XUÑO, 24 DE XUÑO E 9 DE SETEMBRO DE 2011

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 11 de xuño, 24 de xuño e 9 de setembro de 2011.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2010

Inicia o debate o sr. Alcalde, quen recorda que este asunto foi tratado na Comisión especial de contas, polo que non hai moito máis que debater.

Destaca que o informe da Interventora afirma que se cumpriu o principio de estabilidade orzamentaria no Concello de Outeiro de Rei o que, nos tempos que corren, é todo un éxito, polo que se merecería o apoio de todos os grupos políticos.

Nestes intres incorpórase a concelleira María Begoña Seco Varela.

Toma a palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen anuncia que matera a mesma posición que na Comisión especial de contas, en tanto non se aportaron motivos que xustifiquen un cambio de parecer.

O rexeitamento do seu grupo á aprobación da Conta Xeral baséase no informe da Interventora municipal, que pon de manifesto unha serie de incidencias contables relevantes.

Suliña como especialmente grave a advertencia de que existen unha serie de gastos e ingresos que non se calculan, non contabilizan nin se controlan, pero que se deduce que existen. Isto é especialmente grave, xa que impide o seguimento contable da actividade económica da Corporación.

O voceiro do grupo municipal do BNG anuncia o rexeitamento da aprobación da Conta Xeral en base aos mesmos argumentos que xa expuso na Comisión especial de contas.

Estos argumentos consistían, en primeiro lugar, na íntima vincellación entre Orzamento e Conta xeral, de feito tal que a Conta non é senón o reflexo da execución do orzamento, a cuxa aprobación opúxose no seu momento.

En segundo lugar, destaca que o sr. Alcalde baséase no informe de Intervención para solicitar a aprobación das contas, pero unicamente fai uso dunha parte do informe, e obvia o contido restante do mesmo.

E deste informe destaca, en primeiro lugar, un erro de cálculo do que resulta un desfase de preto de un millón de euros, xa que a suma dos parciais non coincide cos totales, sen que se puxera no seu coñecemento a corrección deste informe.

O sr. Alcalde puntualiza que non existe un erro de cálculo, senón un erro de transcripción en cifras parciais que, unha vez correxidas, non modifican os resultados contables.

Polo que atinxe aos problemas de liquidez aos que se refire o informe, éstos débense a que os impostos cóbranse a finais de ano, se ben os pagos se fan dende principios de ano. A solución sería anticipar o pago dos impostos, e ao mellor temos que adoptala.

Pero o que é básico é o equilibrio orzamentario. É dicir, que o que se gasta non é superior ao que se ingresa, e que é no que se basea o saneamento financeiro do Concello.

E o Concello de Outeiro de Rei obtivo este equilibrio orzamentario, tal e como informa a Interventora, o que é un logro nunha situación coma a presente. O que non se sabe é se se poderá manter esta situación de equilibrio no futuro, xa que a situación non mellora e non se sabe como evolucionará, xa que o Goberno do Estado nin fixo os Orzamentos nin se sabe se os fará, polo que non temos previsións sobor a evolución da economía.

Por todo o cal solicita aos membros da Corporación a aprobación da Conta xeral.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que as matemáticas non son unha opinión, senón un feito, e que o informe de Intervención parte dun erro de cálculo que arroxa un desfase de un millón de euros.

Na Comisión especial de contas díxose que era un erro, pero non foron capaces de correxilo en dita comisión. Tamén díxose que ían a pasar aos concelleiros da oposición o informe correxido e, a día de hoxe, non o pasaron.

Polo tanto, non costa que non exista este desfase de un millón de euros na contabilidade municipal.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE descoñece se él e o sr. Alcalde teñen o mesmo informe, pero o que él manexa pon o seguinte:

“non existe unha levanza dos gastos con financiación afectada nin dos ingresos afectados, polo que non se calculan, controlan nin contabilizan as desviacións de financiación afectadas de cada exercizo imputables a cada exercizo, positivas ou negativas, pero dos gastos dedúcese que existen. De feito, unha afecta ao remante de tesourería, pero non puido ser recollida en contabilidade, o que fai moi difícil a tarefa de control cos datos dos que se dispón e afectando a varios exercizos”.

Polo tanto é indiscutible, en base a este informe, que non todo se calcula ou contabiliza, e este informe non o fai a oposición, senón a Interventora municipal.

O sr. Alcalde sorpréndese de que á oposición delle igual que exista ou non superhábit orzamentario, e recorda que todos os membros da oposición tiveron acceso ás contas, así coma o informe correxido dende a data da convocatoria. Convocatoria que, por outra banda, fixose con mais anticipación da esixida pola lei.

E, particularmente, recórdalles aos membros da oposición que o sr. Secretario ensinoulles o informe correxido así coma o orixe do erro de transcripción do informe que se levou a Comisión especial de contas, e que consistía en que se transcribiron os datos do exercizo contable 2009 en troques do correspondente ao exercizo 2010.

Polo que atinxe a advertencia de que non se contabilizan ou calculan as desviacións de financiación, isto significa, únicamente, que non se fai este análise contable específico, pero non significa que non se contabilizan os gastos ou os ingresos, xa que todos os gastos e todos os ingresos se atopan contabilizados.

Afirma que o que máis lle importa da Conta xeral é que se cumpra a legalidade e o resultado económico do Concello.

E neste caso a contabilidade formouse legalmente e o resultado é de superhábit orzamentario. E, insiste, nos tempos que corren é todo un logro. Non hai máis que ver as contas das CCAA para ver o difícil que obter un equilibrio orzamentario.

E un equilibrio orzamentario implica poder pagar ás empresas e, consecuentemente, contribuir ao mantemento do emprego.

Por iso é unha satisfacción poder traer estas contas ao Pleno para a súa aprobación.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercizo 2010.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

E non habendo máis asuntos a tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e quince minutos, da que eu, Secretario, extendo o presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde